

Coherencia construtiva

Con amorosa incandescencia

ROMÁN RAÑA

Comento hoxe *[De]construom*, de Susana Sánchez Aríns (Vilagarcía, 1974), que obtivo o XXI Premio nacional de poesía Xosemaría Pérez Parallé do Círculo Mercantil de Fene. Poemario magnífico que, desde o título, xoga coas palabras. Xa sabemos que non existe algo máis serio que o xogo. O xogo mostra o riso da traxedia, a luz da escuridade, o gozo do sofrer. A preposición de entre parénteses rectos subliña o carácter arquitectónico do volume. Ao mesmo tempo indica a materia que se vai tratar: acerca da construción. Simultaneamente sinala a negatividade, a desconstrución, algo que, artellado, se desartella. O título, pois, revélanos a natu-

ra parte a casa é un desexo. A poeta séntese sen casa e vai imaxinando a súa construción. No seu pensamento, (poema “a couça”), declárase que baixo da beleza da magnificencia aniña a podredume. A expatriada volta á patria e imaxina o predio onde morar. Na segunda sección intuímos que a construción é, en realidade, unha reconstrución: “a casa fi-jo da sua doença/um lugar para o silêncio/espço edificado em ocos/sem ecos.”

A morada parece instalarse aquí, mais tamén noutros continentes, en Ayacucho, nos Ancares, en Acra, un lugar que é todos os lugares, unha casa que é todas as casas. Así o lemos no fermoso “água”: “nos antípodas deste santuário/transporta na testa umha moça/o líquido amniótico que aqui chega/do cano da torneira da nascente.”

A auga que bebemos no noso domicilio procede do outro punto do planeta, mesmo da placenta da africana que a leva nun balde sobre a testa.

Logo entramos na vivenda. Cada un dos cuartos provoca uns sentimentos de febre que queima a razón e o corazón: “baptizar cada manhã a louça/com água branda da torneira/ água que se repite sempre/água que nunca é a mesma”.

Nos actos domésticos máis cotiáns aniña a transcendencia. Lavar a louza é unha forma do bautismo, os restos do fondo dos pratos é a carne que ficou do sacrificio. Cerimonia e ritual fulguran detrás dos actos diarios do vivir. O edificio acaba en sacrificio, mais tamén no arder amoroso, no amor que é ruína, mais tamén incandescencia.

SÁNCHEZ ARÍNS,
Susana,
(de)construom, Ed.
Espiral Maior, A
Coruña, 2009, 12,50 €



reza
dupla do que
imos ler: un artefacto,
aquilo que, feito con
arte, semella natural,
non artificial ou, en
termos persoanos, o
finximento do senti-
mento que, afinal, se
sente certamente.

Falamos de arquitectura e debemos precisar que o libro, efectivamente, posúe unha coherencia construtiva asombrosa, un núcleo temático de exaltación doméstica e, ao mesmo tempo, de rexeitamento doméstico (estes dous sentimentos conviven e pelexan no interior dos poemas sen solución de continuidade), que van edificando o canto. Na primei-